

INSTRUCCIÓN DE PUBLICIDADE

V-3

**Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros
de investigación do Sistema universitario de Galicia
(convocatoria 2019)**

Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020

**Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación
e unha investigación de calidade**

Unha maneira de facer Europa

CONTIDO

1 RESPONSABILIDADES DOS BENEFICIARIOS	4
2 PRINCIPAIS ELEMENTOS DE COMUNICACIÓN	6
2.1 Emblema da Unión Europea e cores normalizadas	6
2.2 Referencia á Unión Europea.....	8
2.3 Referencia ao FEDER.....	10
2.4 Lema do FEDER	10
2.5 A imaxe corporativa institucional de Galicia	10
2.6 A Marca Xacobeo 21-22	11
2.7 Utilización conxunta de elementos de comunicación	11
3 MEDIDAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN E MEDIDAS PARA AUMENTAR A VISIBILIDADE	14
3.1 Páxinas web.....	14
3.2 Uso das redes sociais	17
3.3 Información para o persoal adscrito	18
3.4 Nóminas / contratos	20
3.5 Carteis ou placas, temporais ou permanentes nos centros de destino e nos lugares de realización da actuación.....	21
3.5.1 Cartel informativo de tamaño mínimo A3.....	21
3.5.2 Cartel temporal	22
3.5.3 Placa permanente	23
3.5.4 Características técnicas dos carteis ou placas.....	23
3.5.5 Materiais recomendados	23
3.6 Publicacións: científicas, libros, folletos, trípticos, dípticos	25
3.6.1 Publicacións científicas	25
3.6.2 Libros impresos ou electrónicos.....	25
3.6.3 Publicacións impresas e electrónicas	27
3.7 Artigos promocionais	28
3.7.1 Artigos promocionais de pequeno tamaño	28
3.7.2 Material audiovisual.....	29
3.7.3 Outros artigos promocionais	30

3.8	Actividades formativas e informativas.....	31
3.9	Comunicación a través de anuncios, audio ou vídeo	35
3.9.1	Publicación de anuncios.....	35
3.9.2	Emisións de voz.....	36
3.9.3	Emisións de vídeo	36
3.10	Notas e noticias de prensa.....	37

1 RESPONSABILIDADES DOS BENEFICIARIOS

As responsabilidades que os beneficiarios deben cumprir en materia de información, comunicación e visibilidade sobre o apoio procedente dos fondos son as seguintes:

1. En todas as medidas de información, comunicación e as medidas para aumentar a visibilidade débese recoñecer o apoio do FEDER á operación mostrando:

a) o **emblema** da Unión e referencia á **Unión Europea**

b) referencia ao **Feder**

2. Durante a realización da operación (*Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia (convocatoria 2019)*):

a) breve descrición no seu **sitio de Internet**, no caso de que dispoña dun, da **operación**, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus **obxectivos e resultados**, e destacando o **apoyo financeiro** da Unión.

b) colocando, para as operacións non contempladas nos puntos 4 e 5, un **cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3)**, no que se mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada dun edificio.

3. O beneficiario asegurarse de que **as partes que interveñen na operación financiada foron informadas do financiamento europeo**.

Calquera documento relacionado coa execución da operación que se destine ao público ou aos participantes, incluídos os certificados de asistencia ou doutro tipo, conterá unha declaración na que se informe de que o programa operativo recibiu apoio do FEDER.

4. Durante a execución de toda operación de financiamento de obras de infraestrutura ou construción que se beneficie dunha axuda do FEDER

superior a 500.000 EUR, o beneficiario colocará un **cartel temporal** de tamaño significativo nun lugar ben visible para o público.

5. O beneficiario colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente de tamaño significativo nun prazo de tres meses a partir da conclusión dunha operación que reúna as características seguintes:

- a) a contribución pública total á operación **supera os 500 000 EUR**;
- b) a operación consiste na compra dun **obxecto físico**, no financiamento dunha **infraestrutura** ou en traballos de **construción**.

O cartel ou a placa indicarán o nome e o obxectivo principal da operación.

2 PRINCIPAIS ELEMENTOS DE COMUNICACIÓN

O beneficiario debe recoñecer e informar ao público do apoio do FEDER á operación. En todas as medidas de información e comunicación e as medidas para aumentar a visibilidade débese recoñecer o apoio do FEDER á operación mostrando:

- a) o **emblema** da Unión e referencia á **Unión Europea**
- b) referencia ao **Feder**
- c) Incluirase, sempre que sexa posible, o **lema "Unha maneira de facer Europa"** para resaltar o valor engadido do Feder e da Unión Europea

Os elementos que habitualmente convivirán nas accións de comunicación desenvolvidas ou impulsadas pola Xunta de Galicia son as seguintes:


2.1 Emblema da Unión Europea e cores normalizadas

Sobre un fondo de ceo azul, doce estrelas douradas forman un círculo, que representa a unión dos pobos de Europa. O número de estrelas é invariablemente doce, símbolo de perfección e unidade.




O emblema consiste nunha bandeira rectangular de cor azul, cunha lonxitude equivale a tres medios da súa anchura. Doce estrelas douradas equidistantes forman un círculo imaxinario cuxo centro se atopa no punto de intersección das diagonais do rectángulo. O radio do círculo equivale a un terzo da altura da bandeira. Cada unha das estrelas de cinco puntas inscríbese nun círculo imaxinario cuxo radio equivale a un dezaioitoavo da anchura da bandeira. Todas as estrelas están en posición vertical, isto é, cunha punta dirixida cara

arriba e outras dúas sobre unha liña recta imaxinaria, perpendicular á hasta da bandeira. A disposición das estrelas correspóndese coa das horas na esfera dun reloxo, e o seu número é invariable.



As cores do emblema son:

- PANTONE REFLEX BLUE para a superficie do rectángulo.
- PANTONE YELLOW para as estrelas.



- PANTONE YELLOW: obtense utilizando un 100% de «Process Yellow»,

Para a súa impresión en cuatricromía, utilizaranse as catro cores desta para obter as cores normalizadas


- PANTONE REFLEX BLUE: obtense mesturando un 100% de «Process Cyan» cun 80% de «Process Magenta».

INTERNET: Na paleta empregada na web, o PANTONE REFLEX BLUE corresponde á cor RGB: 0/51/153 (hexadecimal: 003399) e o PANTONE YELLOW, á cor RGB: 255/204/0 (hexadecimal: FFCC00).

REPRODUCCIÓN EN MONOCROMÍA: De empregarse o negro, rodearase a superficie

do rectángulo cun bordo negro e colocaranse as estrelas, tamén en negro, sobre un fondo branco. De empregarse o azul (REFLEX BLUE), deberá utilizarse ó 100%, coas estrelas en negativo branco.

REPRODUCCIÓN SOBRE FONDO DE COR: No caso de que o emprego dun



fondo de cor fose a única alternativa, o emblema rodearase cun bordo branco equivalente a 1/25 da súa altura.



2.2 Referencia á Unión Europea

O emblema xunto coa referencia "Unión Europea" situada debaixo del forman o **logotipo da Unión Europea**, único válido para este período de programación.

A composición de emblema e referencia forman o seguinte logotipo (pódese descargar no seguinte enlace:

<https://www.conselleriadefacenda.es/es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-07-13/publicidade-e-informacion-comunitaria-07-13/exemplos-de-logotipos-comunitarios-07-13>



Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo.

A utilización do emblema e a referencia á Unión Europea, e a referencia ao FEDER realizarase atendendo ás seguintes características:

O **emblema da Unión deberá figurar en cor nos sitios Web**. En todos os demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible.

1. O emblema será sempre **claramente visible** e ocupará un **lugar destacado**. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento utilizados. Nos pequenos artigos de promoción non será obrigatorio facer referencia ao FEDER.
2. Cando o **emblema da Unión e a referencia á Unión e ao FEDER** correspondente se presenten nun sitio web, serán **visibles ao chegar ao dito sitio web**, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.
3. O nome «**Unión Europea**»:
 - a. Sempre aparecerá sen abreviar.
 - b. O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu.
 - c. Non se utilizará a cursiva, o subliñado nin outros efectos.
 - d. O corpo do tipo (de letra) utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema e de modo que non interfira.
 - e. A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto.
4. Se se exhiben outros logotipos ademais do emblema da Unión, este terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura ou anchura, que o maior dos demais logotipos.

2.3 Referencia ao FEDER

Para este novo período 2014-2020, **a referencia ao FEDER e o seu lema ("Unha maneira de facer Europa")**, non poden estar unidos ao logotipo da **Unión Europea**. Deben diferenciarse por un lado o logotipo da UE (emblema e referencia), e por outro, sen ningún logotipo, a referencia ao FEDER e o seu lema.

Para iso, deberase agrupar na cabeceira ou pé do documento, cartel, etc. exclusivamente o emblema coa súa referencia e resto de logotipos, e, no corpo do documento, cartel, etc. incorporar as outras referencias obrigatorias como son a referencia ao FEDER e o seu lema.

2.4 Lema do FEDER

O lema é a frase que debe acompañar a referencia ao FEDER. O lema elixido para o FEDER é **"Unha maneira de facer Europa"**.

2.5 A imaxe corporativa institucional de Galicia

El decreto 112/2021, de 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta, fixa como estos o símbolo constituído polo escudo de Galicia e o logotipo corporativo formado pola plasmación tipográfica da expresión "Xunta de Galicia".

A imaxe corporativa institucional deberá figurar en todos os documentos administrativos e comunicacións de tipo xeral expedidos polos departamentos da Xunta de Galicia, as delegacións territoriais e todos os entes que integran o sector público autonómico.

Soamente existen tres supostos nos que xunto á imaxe corporativa institucional se poderá engadir a plasmación tipográfica da expresión do nome das consellerías e órganos delas dependentes, así como das delegacións territoriais e xefaturas territoriais delas dependentes. Estes tres supostos son: papelería oficial, sinalización de edificios e portada interior de publicacións específicas da consellería.

Os logotipos corporativos da Xunta de Galicia, consellerías e entidades instrumentais poden descargarse das seguintes direccións:

<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal>

<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/composicion-con-presidencia-vicepresidencias-e-consellerias>

<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>

2.6 Marca Xacobeo 21-22

Deberase utilizar como elemento adicional a marca Xacobeo 21-22 en todas as accións de comunicación audiovisuais, escritas ou plásticas (pódese descargar na seguinte dirección: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/outras-marcas/xacobeo-21-22>)



2.7 Utilización conxunta de elementos de comunicación

Deben respectarse os seguintes criterios:

- O emblema da Unión (referido exclusivamente a bandeira, excluíndo a referencia “Unión Europea” terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura ou anchura, que o maior dos logotipos empregados
- A marca da Xunta de Galicia e de outras institucións de similar ou maior ámbito territorial debe reproducirse á mesma escala que a da Unión
- A marca da Xunta de Galicia colocarase sempre á esquerda separándose do restos dos elementos por unha distancia igual á lonxitude da marca principal.

- As marcas das demais institucións se ordenaran de modo que figuren en orde decrecente de rango, así o seguinte logotipo sería, se procede, o do Goberno de España. Despois de eles colocárase a marca Xacobeo 21-22, e por último o resto de logotipos que deban figurar e estarán separadas entre si por unha distancia igual ao ancho do escudo da Xunta de Galicia e nunca superarán en altura ou anchura o alto ou ancho da marca completa da Xunta de Galicia.

Apertura dun documento

O formato para a apertura dun documento, ou na parte superior de calquera tipo de material de comunicación, é o seguinte:

- Deberase situar na parte superior esquerda, abrindo o documento, en primeiro lugar o logotipo da identidade corporativa da Xunta de Galicia, a continuación colocárase o logotipo da Unión Europea
- O emblema da UE (sen incluír a referencia á UE) co que se conforma o logotipo debe ser da mesma altura que o emblema de Xunta de Galicia.
- Despois se procede o logotipo do Goberno de España e os logotipos do resto de entes se situarán á esquerda da marca xacobeo 21-22 , en orde de maior importancia, de esquerda a dereita.

Exemplo de utilización de logotipos da Xunta de Galicia e Unión Europea



Exemplo utilización de logotipos da Xunta de Galicia, Unión Europea e universidades



Peches dun documento

O formato do peche dun documento, ou na parte inferior de calquera tipo de material de comunicación, é o seguinte:

- Deberase situar na parte inferior dereita, pechando o documento, en primeiro lugar o logotipo da Xunta de Galicia, seguido do logo da Unión Europea á súa esquerda. A continuación situaríanse os resto de logotipos e marcas.
- O tamaño e escala dos logotipos segue o mesmo criterio que o establecido anteriormente

Exemplo de utilización de logotipos da Xunta de Galicia e Unión Europea



Exemplo de utilización de logotipos da Xunta de Galicia, Unión Europea e Universidades



3 MEDIDAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN E MEDIDAS PARA AUMENTAR A VISIBILIDADE

3.1 Páxinas web

Os beneficiarios dos fondos europeos que dispoñan de páxina Web, durante a execución das operacións deben realizar unha **descrición** destas de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus **obxectivos e resultados**, destacando o apoio financeiro da unión a través da Web.

Como obxectivo deberase indicar o seguinte **"Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade"**.

En canto á mención dos resultados, deberase incluír unha **mención aos indicadores** programados. Non é necesario recoller a súa cuantificación para proporcionar información na Web, pero si se deberá indicar de modo resumido e claro os resultados cualitativos esperados. Se os indicadores programados resultan un tanto xenéricos (como por exemplo, número de empresas axudadas), pode substituírse a mención a indicadores programados cun parágrafo explicativo do resultado obtido a través da operación.

Deberase habilitar un **apartado específico nas páxinas Web** dos beneficiarios denominado PO FEDER Galicia 2014-2020 "Unha maneira de facer Europa". Ademais de mostrar adecuadamente o logotipo da Unión Europea, deberase incorporar un parágrafo coa seguinte información sobre cada operación que se vai desenvolver: "descrición da operación está cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, co obxectivo temático de promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade", para mención sobre os indicadores de produtividade (FEDER) e resultado."

Para poder demostrar o cumprimento da obriga regulamentaria de subministro de información a través da Web dos beneficiarios durante a execución da operación europea, é necesario **gardar unha proba documental do proceso**,

como pode ser unha captura de pantalla mostrando a información subministrada nunha data concreta.




Presentación

A Xunta de Galicia construíu en Vigo un novo Hospital Público que presta asistencia sanitaria a máis de 600.000 veciños desta cidade e a súa área de influencia. Trátase da obra sanitaria pública de maior envergadura que se acometeu nos últimos tempos en España. Con esta nova infraestrutura asistencial, que forma parte do sistema multihospital, dáse resposta con visión de futuro a unha necesidade histórica, e faise xustiza coa área sanitaria máis numerosa de Galicia. A área metropolitana de Vigo xa dispón dun hospital público dos máis modernos de Europa, situado na vangarda tecnolóxica, no que prestan asistencia os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde, e que ofrece as mellores condicións asistenciais para pacientes e profesionais.

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, unha maneira de facer Europa

A adquisición e montaxe dos equipamentos para a posta en marcha e funcionamento dos servizos sanitarios no novo hospital de Vigo está cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, Obxectivo temático de promoción da igualdade, a saúde e a inclusión social, para dar mellor cobertura sanitaria á poboación da comarca de Vigo, reducindo o tempo medio de espera estrutural cirúrxico e acadando unha maior ambulatorización dos procesos cirúrxicos.



Exemplo de información proporcionada directamente a través da Web:

HOME FEDER PAGES LAYOUTS STYLES

XUNTA DE GALICIA UNIÓN EUROPEA Xacobeo 21-22

Programa Re-Acciona: servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico

Esta empresa participa no Programa Re-Acciona, cuxo resultado é favorecer o crecemento e consolidación das PEME, mellorando a súa financiación, tecnoloxía e acceso a servizos de apoio avanzados

Operación cofinanciada pola Unión Europea
Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

Conseguir un tecido empresarial máis competitivo
Unha maneira de facer Europa

3.2 Uso das redes sociais

Dado que nos encontramos inmersos na era das TIC, débese potenciar a difusión das actuacións cofinanciadas a través das redes sociais de amplo alcance como, por exemplo, Facebook ou Twitter.

Ao facelo, débese facer referencia a Unión Europea e ao Fondo que cofinancia a actuación. Ademais có obxecto de poder aglutinar toda esta información, propónse a utilización sistemática hashtag (#), segundo o fondo, en todas as publicacións que se efectúen: #FEDERGalicia



Fundación Juana de Vega **Juana de Vega** @juanadevega · 26 ene. ...

● Convocadas as axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo [#FondoEuropeodeDesenvolvementoRexional](#) no marco do [#FederGalicia](#) 2014-2020.

JUL 17 Prazo de solicitude: ata o 22 de febreiro.

🔗 Bases ➡ bit.ly/2Nql19o

🔗 Convocatoria no [#DOG](#) ➡ bit.ly/3pbjkuB



AXUDAS PARA NOVOS EMPRENDEDORES
(GALICIA EMPRENDE)

3.3 Información para o persoal adscrito

No caso de **persoal de nova contratación**, debe incluírse nos contratos a seguinte referencia:

“Este contrato está financiado con cargo ás axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional a través do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, dentro do obxectivo temático 1 «Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación», prioridade de investimento 1.2. «Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento, e o sector de ensinanza superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente, e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes», obxectivo específico 1.2.3. «Fomento e xeración de coñecemento de fronteira e de coñecemento orientado aos retos da sociedade, desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes»



UNIÓN EUROPEA

Para o **resto de persoal** dedicado ás actividades e financiado a través desta convocatoria, o beneficiario deberá comunicarlles por escrito que parte do seu salario está cofinanciado con fondos FEDER no marco do Eixe 1 do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.3), e incluírá una mención expresa á convocatoria de axudas, e á porcentaxe de imputación do

seu tempo ás actividades financiadas. En concreto, débese incluír a seguinte referencia:

“Desde a data XX/XX/201X, o XX % do seu salario está financiado con cargo ás axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional a través do Programa operativo FEDER Galicia 20 14-2020, dentro do obxectivo temático 1 «Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación», prioridade de investimento 1.2. «Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento, e o sector da ensinanza superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente, e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes», obxectivo específico 1.2.3. «Fomento e xeración de coñecemento de fronteira e de coñecemento orientado aos retos da sociedade, desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes»



UNIÓN EUROPEA

3.4 Nóminas / contratos

Os documentos orixinais (nóminas/contratos) xustificativos do cofinanciamento por parte do FEDER, no marco das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación, deben estar selados no anverso por un selo no que se indiquen as seguintes cuestións:

- Logo da Xunta de Galicia
- Logo da Unión Europea
- A frase *"Co financiado nun 80 % polo FEDER, no marco das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación"*

A continuación móstrase un exemplo de selo:

**Cofinanciado nun 80 % polo FEDER
no marco das axudas para a
acreditación, estruturación e mellora de
centros de investigación**

3.5 Carteis ou placas, temporais ou permanentes nos centros de destino e nos lugares de realización da actuación

Os beneficiarios deben proporcionar información fixa a través de distintos carteis informativos, temporais ou placas permanentes que se describen a continuación.

Para demostrar o cumprimento da obriga regulamentaria é necesario gardar **probas documentais da súa colocación**, como poden ser fotografías no emprazamento físico no que se localice, na que se distinga a data na que foi tomada.

3.5.1 Cartel informativo de tamaño mínimo A3

O beneficiario debe colocar un cartel informativo, de tamaño mínimo A3, durante a execución dunha operación que non consista nunha obra de infraestrutura ou construción ou a compra dun obxecto físico cofinanciado co FEDER por un importe superior a 500.000 euros de custo total subvencionable, nun lugar ben visible para informar o público do apoio obtido do FEDER, por exemplo na entrada dun edificio.

É necesario ter en conta que unha operación nos se considera finalizada ata que conclúe o período de mantemento de compromisos como, por exemplo, a obrigatoriedade de mantemento do investimento, do emprego, etc.

Contido:

- Logotipo da Xunta e da UE
- Referencia ao Feder
- Lema "Unha maneira de facer Europa"
- Información sobre o proxecto
- Mención á axuda financeira da Unión
- Logotipo do Xacobeo 21-22

Modelos de carteis informativos: Ver modelos de cartel temporal

3.5.2 Cartel temporal

Cartel temporal de tamaño significativo que o beneficiario debe colocar nun lugar ben visible para o público durante a execución de toda operación de financiamento de obras de infraestrutura ou construción cofinanciada polo FEDER cuxo valor supere os 500.000 euros de custo total subvencionable.

Contido:

- Logotipo da Xunta e da UE
- Logotipo do Xacobeo 21-22
- Nome da operación: "Programa de axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia"
- Referencia ao Feder
- Obxectivo temático: "Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade"
- Lema : "Unha maneira de facer Europa"

O contido indicado debe ocupar polo menos o 25% da súa superficie.

Modelos de cartel temporal:

 XUNTA DE GALICIA	 UNIÓN EUROPEA	 Xacobeo 21-22
Nome da operación		
Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e una investigación de calidade		
Operación cofinanciada pola Unión Europea a través do FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (Feder)		
PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020	<i>Unha maneira de facer Europa</i>	

3.5.3 Placa permanente

O beneficiario debe colocar unha placa permanente de tamaño significativo nun lugar ben visible para o público, nun prazo de 3 meses a partir da conclusión dunha operación que consista na compra dun obxecto físico, o financiamento dunha infraestrutura ou traballos de construción que superen os 500.000 euros de custo total subvencionable.

É necesario ter en conta que a conclusión da operación se considera neste caso como conclusión física da operación, como por exemplo, tras a recepción da obra, instalación da máquina ou a presentación da súa xustificación.

Contido e modelos de placa permanente: idénticos ao cartel temporal

3.5.4 Características técnicas dos carteis ou placas

1. O nome da operación, o principal obxectivo desta e o emblema da Unión, xunto cunha referencia á Unión e a referencia ao FEDER que deben figurar no cartel temporal ocupará polo menos o 25 % do cartel.
2. O nome da operación e o principal obxectivo da actividade apoiada por aquela, e o emblema da Unión, xunto cunha referencia á Unión e ao FEDER que deben figurar na placa ou cartel permanentes ocupará polo menos o 25 % de dita placa ou cartel.

3.5.5 Materiais recomendados

Os materiais utilizados para a elaboración dos distintos carteis deben ser os adoitados para garantir a súa durabilidade e a súa resistencia aos cambios climáticos, especialmente os expostos ao aire libre.

Entre os materiais recomendados para os carteis informativos pódese mencionar:

- Cartón-pluma
- Plástico
- Adhesivo
- Lona

Para a elaboración do cartel temporal recoméndase a súa reprodución en:

- Aluminio
- Aceiro galvanizado

Recoméndase a reprodución da placa permanente en:

- Material autoadhesivo para contra-colage nunha base de metacrilato ou aceiro pulido, latón ou similar

Exemplo de cartel informativo reproducido en cartón-pluma



3.6 Publicacións: científicas, libros, folletos, trípticos, dípticos

Todas as publicacións deben adaptarse aos seguintes requisitos:

3.6.1 Publicacións científicas

Nas publicacións científicas que sexan editadas no marco das actuacións cofinanciadas polo FEDER, deberá figurar como mínimo unha **referencia á participación da Xunta de Galicia, da Unión Europea e do FEDER**.

A continuación expóñense algúns exemplos do texto que se debe incluír:

"Esta publicación científica foi financiada polas axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional a través do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 e no 20 % restante pola Xunta de Galicia".

"This work has received financial support from the Xunta de Galicia (Centro de investigación de Galicia accreditation 2019-2022) and the European Union (European Regional Development Fund - ERDF)."

"Financial support from the Xunta de Galicia (Centro de investigación de Galicia accreditation 2019-2022) and the European Union (European Regional Development Fund - ERDF), is grate fully acknowledged."

3.6.2 Libros impresos ou electrónicos

Cuberta

Nela deberán figurar:

- O título, que debe ser curto e responder con fidelidade ao contido do libro.
- O nome do autor/a ou autores/as, sempre que o número destes non sexa superior a catro. Nas publicacións de relatorios de xornadas, seminarios, encontros e similares poderase inserir o nome do director ou coordinador das ditas actividades, coa mesma limitación numérica, no seu conxunto, anteriormente sinaladas.
- O **logotipo da Xunta de Galicia** ou as palabras "Xunta de Galicia" na parte inferior esquerda e a continuación, á súa dereita o **emblema da Unión** coa referencia "Unión Europea".

Contracuberta

Levará o número de ISBN en código de barras e, na parte inferior dereita, a imaxe corporativa da Xunta de Galicia, na que figure o departamento correspondente.

Tamén na parte inferior, antes do **logotipo da Xunta**, levará o **emblema da Unión coa súa referencia**; nas súas medidas non poderá exceder dunha cuarta parte do ancho do libro.

O lombo do libro

Levará na parte inferior o **escudo de Galicia**, máis arriba o **emblema da Unión**, máis arriba o título do libro e, se queda espazo, o nome do autor ou autora.

Páxina de créditos

Recollerá as mencións de responsabilidade, se así se considera conveniente, o número de depósito legal, o número de ISBN, a imprenta e outros habituais.

A portada

Debe levar os seguintes elementos: título, nome do autor ou autora e as palabras Xunta de Galicia e Unión Europea.

Cando unha obra non estea destinada ao comercio, deberase facer constar nela o seguinte: "Obra non venal".

3.6.3 Publicacións impresas e electrónicas

En todo tipo de publicacións que se editen (folletos, notas informativas, trípticos, dípticos, etc.) que fagan referencia a actuacións cofinanciadas, reservarase un espazo na portada e/ou contraportada para destacar a participación da Unión Europea, de acordo co punto 2 deste manual.

Así mesmo, calquera material electrónico ou en papel que se distribúa deberá incluír o **logotipo da UE** no encabezado ou, no seu defecto, no pé de páxina, xunto co **logotipo da Xunta de Galicia**. No corpo do documento ou no encabezado ou pé de páxina deberá incorporarse a **referencia ao FEDER** e o lema "Unha maneira de facer Europa", pero sen incorporar ao logotipo da UE.

Exemplo:

Xuventude medio rural e cooperativismo

Promoción do emprendemento cooperativo xuvenil no ámbito rural

Adega Condés de Albarei
27 de xullo, 10.00 - 14.00h

FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE Investe no teu futuro

PROGRAMA

- Incorporación á actividade agrogandeira tempo completo/parcial
- Servizos de apoio da cooperativa aos mozos que se incorporan á actividade
- Axudas e apoios aos mozos para iniciarse na actividade no ámbito rural
- Mesa redonda: Casos de éxito
- Clausura e petiscos

Apúntate!
981-584783

galicia | xacobeo | UNIÓN EUROPEA | XUNTA DE GALICIA

3.7 Artigos de promoción

No ámbito de promoción débese mostrar axeitadamente o **logotipo da UE** xunto coa **referencia do FEDER** e o **lema**, así como o logotipo da **Xunta de Galicia**.

3.7.1 Artigos de promoción de pequeno tamaño

Nos artigos publicitarios ou de promoción de pequeno tamaño, tales como memorias USB, pulseiras, bolígrafos, chaveiros, etc., débese incluír sempre, **como mínimo, o logotipo da Unión Europea**, procurando que o espazo destinado para iso sexa suficientemente visible. Nestes casos, non é obrigatorio incluír a referencia ao Feder nin o lema. De ser posible, incluírase tamén o **logotipo da Xunta de Galicia**

Exemplo de USB:





3.7.2 Material audiovisual

Se a información se comunica mediante material audiovisual (CD, vídeo, DVD, gravacións, presentacións, etc.) tamén deberá reservarse un espazo para destacar a participación da Unión Europea e do FEDER. En particular, se utilizarán los elementos obrigatorios mínimos en materia de información e publicidade, colocando xunto ao **logotipo da Xunta de Galicia**, **el logotipo da UE e a referencia ao fondo e lema.**



3.7.3 Outros artigos de promoción

Noutros artigos de promoción admítense, dentro da liberdade creativa, a libre disposición dos elementos de comunicación mínimos que permitan recoñecer que a actuación autonómica recibe o apoio dos Fondos Europeos, é dicir:

Logotipo da Xunta de Galicia

Logotipo da Unión Europea,

Referencia ao FEDER

Lema "Unha maneira de facer Europa"

Símbolo do logotipo do Xacobeo 21-22, sempre que sexa posible



3.8 Actividades formativas e informativas

Na celebración de cursos, seminarios, xornadas, presentacións, etc., asociadas ás operacións cofinanciadas, é necesario recoñecer o apoio dos fondos. O apoio mínimo que esixe a Unión consiste en mostrar o **logotipo da Unión**, xunto coa **referencia ao FEDER** e o **lema "Unha maneira de facer Europa"**.

En calquera caso, cando se organicen **actividades formativas ou informativas**, como conferencias, seminarios, feiras, exposicións, roldas de prensa, etc., relacionadas con actuacións cofinanciadas, deberanse ter en conta os seguintes aspectos:

No programa, invitacións e material de carteleira (carteis, pósters, rollers, etc.), así como nas presentacións que se proxecten ou o material divulgativo que se elabore, aparecerán o **logotipo da UE** xunto coa **referencia ao FEDER** e o **lema**.

Deberá colocarse un cartel informativo, de tamaño mínimo A3, que recolla os **logotipos** correspondentes, a **referencia ao FEDER** co seu **lema**, así como información sobre o **nome** e o **obxectivo principal** da operación.

Procurarase colocar a **bandeira da Unión Europea** na sala onde teña lugar o acto, xunto coa de España e a da Comunidade Autónoma de Galicia.

Exemplos de actuacións no ámbito formativo:

Cursos ou xornadas



Certificado

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Director do Centro Autonómico de Formación e Innovación

Certifica que

D. [REDACTED],

con DNI [REDACTED] participou como relator (7h), dun total de 20 horas, na actividade de formación do profesorado:

con DNI [REDACTED], participou como ponente (7h), de un total de 20 horas, en la actividad de formación del profesorado:

FORMACIÓN ESPECÍFICA DE XESTIÓN ECONÓMICA PARA SECRETARIOS DE CENTROS CON ENSINANZAS COFINANCIADAS POLO FSE, (Xestión e trámites asociados aos gastos dos centros)

Modalidade: Curso (Presencial)

Modalidade: Curso (Presencial)

que se celebrou en Santiago de Compostela dende o día 7 de xullo de 2014 ata o día 9 de xullo de 2014.

que se celebrou en Santiago de Compostela desde el día 7 de julio de 2014 hasta el día 9 de julio de 2014.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 4 de setembro de 2014.

Y para que así conste, firmo la presente certificación en Santiago de Compostela, a 4 de septiembre de 2014.

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

Diploma de asistencia

DIPLOMA DE ASISTENCIA

....., con NIF núm. asistiu ao **III Encontro de Emprendedoras do Programa Emega para fomentar o emprendemento feminino en Galicia**, organizado pola Secretaría Xeral de Igualdade e cofinanciado polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020. Este encontro tivo lugar o 15 de decembro do 2020 na Escola Galega de Administración Pública.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2021

O/A Secretario/a Xeral

.....

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

Documento informativo



DOCUMENTO DE INFORMACIÓN SOBRE O COFINANCIAMENTO COMUNITARIO DO CURSO *MANEXO DE CARRETILLA E PLATAFORMA ELEVADORA*, LEVADO A CABO NO MARCO DOS ITINERARIOS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL A CARGO DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Infórmase a, que os custos derivados da organización do curso *Manexo de carretilla e plataforma elevadora*, organizado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar como parte integrante dos itinerarios de inclusión sociolaboral, son cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

Comúncaselle isto aos efectos de cumprir coas obrigas en materia de información, comunicación e visibilidade dos fondos comunitarios ao abeiro do disposto no Anexo XII do Regulamento (UE) nº1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

Coles, 31 de agosto de 2021

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE COLES

.....

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

3.9 Comunicación a través de anuncios, audio ou vídeo

3.9.1 Publicación de anuncios

Os anuncios das actuacións realizadas, xa sexan difundidos por prensa escrita ou a través de Internet, ademais dos seus elementos habituais, como poden ser o título, imaxe, corpo de texto, etc., deberán incluír o **logotipo da Unión Europea**, a **referencia ao FEDER** e o **lema**, así como o **nome da operación**, os seus **obxectivos e resultados**, do mesmo modo ao indicado para transmitir información a través da Web dos beneficiarios.

Exemplos:

CADA VEZ PARA MÁIS GENTE,
GALICIA ES EL BUEN CAMINO.

Porque para ver grandes paisajes, no necesito largos viajes

Más de 1.600 kilómetros de costa y 863 playas

Descansando bien, comiendo bien, disfrutando de la naturaleza, de las cosas sencillas y de la buena gente. Así pueden ser tus vacaciones en Galicia. Disfruta de nuestra hospitalidad, de lugares mágicos y de una cultura de calidad que ya tiene nombre en todo el mundo: Galicia Calidad.

ESTE VERANO, TUS VACACIONES POR EL BUEN CAMINO

galicia
el buen camino

UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
Unha maneira de facer Europa

XUNTA DE GALICIA

En marcha.

Plans para a dinamización do emprego e o emprendemento feminino.

71 millóns de euros de investimento ata 2023.
448 novos empregos.
Programa EMEGA de fomento do emprendemento feminino.

En Galicia, grazas ao Fondo Social Europeo, investimos máis de 400 millóns de euros para crear 100.000 novos empregos de calidade.

XUNTA DE GALICIA

FONDO SOCIAL EUROPEO "O FSE axuda no teu futuro"
UNIÓN EUROPEA

Xacobeo 2021

3.9.2 Emisións de voz

As cuñas de audio que se emitan nos medios radiofónicos ou a través de Internet, incluírán de maneira obrigatoria unha alusión ao financiamento europeo da actuación, tal como:

“Mensaxe cofinanciada pola Xunta de Galicia e pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional”. “Unha maneira de facer Europa

“Actuación cofinanciada pola Xunta de Galicia e pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional”. “Unha maneira de facer Europa”

3.9.3 Emisións de vídeo

As emisións de comunicación dunha operación cofinanciada deberán incorporar ao comezo ou ao finalizar estas o **logotipo da UE**, a **referencia ao FEDER**, o seu **lema**, e o **nome da operación** cos seus **obxectivos** e **resultados**, do mesmo modo ao indicado para transmitir información a través da Web dos beneficiarios.

3.10 Nota e noticias de prensa

Actualmente, unha das vías máis efectivas no obxectivo de dar a coñecer á cidadanía as distintas actuacións financiadas ou cofinanciadas é a inclusión da correspondente mención nas notas e noticias de prensa.

Por isto, resulta un asunto de capital importancia que todas aquelas notas de prensa elaboradas fagan alusión a que a actuación está financiada ou cofinanciada pola Unión Europea. Esta mención debe figurar nun lugar destacado nesa nota de prensa.

El conselleiro de Cultura, Educación y Universidad, Román Rodríguez, les presentó este mediodía a las principales asociaciones y empresas audiovisuales gallegas las líneas maestras del Hub Audiovisual de la Industria Cultural, que la Xunta comienza a materializar con la publicación hoy en el Diario Oficial de Galicia (DOG) de la primera de las convocatorias de su fondo para la atracción de rodajes, dotada con 2 millones de euros.

En sus palabras, esta aportación inicial supone el arranque de un "programa de apoyo sin precedentes para acelerar la recuperación y garantizar la estabilidad de los profesionales del sector", que se traducirá en una inversión de 9,6 millones de euros durante el período 2021-2023 a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) dentro del Eixo REACT-UE del Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte de la respuesta de la Unión Europea a la pandemia de la covid-19. La puesta en marcha de la Galicia Film Comisión, las subvenciones para el desarrollo de grupos de proyectos, el polo de talento del sector audiovisual, el plan creativo y empresarial para videojuegos y un fondo transversal para el conjunto de la industria cultural son otras de las principales iniciativas que serán desarrolladas próximamente al amparo del